



CONTA XERAL

2024

INFORME DE XESTIÓN

Informe sobre a xestión dos recursos económicos

Índice

PRESENTACIÓN	2
1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO	4
1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2024	5
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	8
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	9
CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	11
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	14
CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS	16
CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17
CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	19
CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	20
3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	21
3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	22
CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL	26
CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	28
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	32
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS	33
CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	34
CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	34
PAGAMENTOS DE EXERCICIOS PECHADOS	36
4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS	37
4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS	38
ESTADO DA TESOURARÍA	38
ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA	38
RESULTADOS	40
5. ACTIVIDADE DE I+D+i	41
5.1. RECURSOS CAPTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D	42
5.2. COMPENSACIÓN DE CUSTOS INDIRECTOS	45
5.3. REINTEGRO DE FONDOS	46
6. POSGRAO	47

6.1. ACTIVIDADES DE POSGRAO E ALUMNADO	48
6.2. DATOS ECONÓMICOS DE POSGRAO PROPIO	49
7. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	50
7.1 INTRODUCCIÓN	51
7.2 EXPEDIENTES LICITADOS NO EJERCICIO 2024. RESUMO	51
7.3 EXPEDIENTES LICITADOS NO EJERCICIO 2024. DETALLE	53
8. INVENTARIO DE BENS MOBLES E INMOBLES	58
8.1 INTRODUCCIÓN	60
8.2 VALORES EN INVENTARIO	60
8.3 RELACIÓN VALORADA DO INVENTARIO DE BENS INMOBLES	61
9. INFORME EXECUTIVO CONTABILIDADE ANALÍTICA ..	67
9.1 CONTABILIDADE ANALÍTICA. INTRODUCCIÓN.....	68
9.1.1 PROCESO XERAL DE FORMACIÓN DE CUSTOS	69
9.1.2 CUSTOS DE PERSOAL	69
9.2 RESULTADOS DE ACTIVIDADES. EJERCICIO 2024.....	71
9.2.1 ACTIVIDADE GLOBAL DA UNIVERSIDADE.....	71
9.2.2 ACTIVIDADES FINALISTAS.....	72
10. OUTRA INFORMACIÓN ECONÓMICA	80
10.1 PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO	81
10.2 SITUACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.....	81
11. ANEXOS	83
11. ANEXOS.....	84
Anexo 1: Gastos correntes executados polos centros con cargo aos seus créditos.....	85
Anexo 2: Invetimentos executados polos centros docentes.....	86
Anexo 3: Gastos executados polos departamentos	87
Anexo 4: Gastos de funcionamento executados institutos universitarios	89
Anexo 5: Gastos actividades I+D executados polos institutos universitarios ...	89
Anexo 6: Gastos executados en centros singulares	90
Anexo 7: Operacións de gasto en I+D+i por centro orgánico.....	91
Anexo 8: Operacións de gasto en I+D+i por tipo de actividade.....	93
Anexo 9: Compoñentes estruturais dos gastos correntes da USC	96
Anexo 10: Evolución do número de alumnos e créditos matriculados	97

PRESENTACIÓN

De acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), aprobados mediante Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, as contas anuais desta institución educativa reflectirán a xestión económica e financeira referida ao exercicio económico de que se trate (artigo 176).

Ademais do que son propiamente os aspectos contables das contas públicas, que remiten ás previsións do vixente Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, modificado pola Orde HAC/820/2021, do 9 de xullo, tanto na citada norma estatutaria como no Regulamento xeral de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020, faise mención expresa dunha serie de documentos e informes que conforman todos eles a Conta xeral da Universidade (artigo 61). En canto aos primeiros destacan, entre outros, a conta de resultados, o balance de situación ou a memoria relativa ás contas anuais. Sobre os informes diferénciase o relativo á contabilidade analítica e o que dá conta da xestión realizada dos recursos económicos, que é propiamente o obxecto e finalidade do presente documento.

Tanto a documentación como os informes indicados constitúen unha unidade e deben redactarse con claridade para mostrar a imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira, do resultado económico e patrimonial e da execución do orzamento.

Este informe sobre a xestión dos recursos económicos ten como obxectivo poñer en coñecemento da comunidade universitaria e, en última instancia, da sociedade aqueles aspectos ou datos máis relevantes desde o punto de vista da xestión orzamentaria e financeira desenvolvida pola institución.

Para unha visión temporal con carácter xeral inclúense datos comparativos dos catro exercicios precedentes (2020 a 2023) e en determinados casos para unha mellor comprensión da liña temporal a comparación realízase dende o ano 2015.

A estrutura do informe, co fin de dar cumprimento á súa finalidade de transmisión en termos comprensibles dos aspectos e datos máis destacables da actividade económico-financiera da USC, divídese nos seguintes apartados:

1. Liquidación xeral do orzamento: ofrece unha información básica sobre a liquidación comparativa dos orzamentos de ingresos e gastos.
2. Liquidación do orzamento de ingresos: analízase en detalle o comportamento das partidas do orzamento de ingresos, tratando de mostrar sempre unha información que permita contrastala con exercicios anteriores.

3. Liquidación do orzamento de gastos: examínanse os diferentes capítulos de gasto.
4. Resultados orzamentarios: procúrase dar unha información que, sen apartarse do rigor contable, sexa á súa vez comprensible e ilustrativa sobre os resultados do exercicio.
5. Actividade de I+D+i: ofrece datos sobre a evolución dos recursos económicos captados nos últimos anos, así como unha agrupación por tipos de actividade e procedencia dos ingresos referidos a aquelas vixentes no exercicio.
6. Actividades de posgrao: refírese a información económica básica e de número de actividades relacionadas coas de posgrao propias.
7. Contratación administrativa: contén un resumo da contratación administrativa levada a cabo, que se recolle de forma máis completa na Memoria das contas.
8. Inventario de bens mobles e inmobles: recolle os datos relativos aos inventarios de bens mobles e inmobles titularidade da USC, coa inclusión da valoración correspondente.
9. Resumo da contabilidade analítica: consiste nun resumo descritivo do Informe de contabilidade analítica, que como se dixo forma parte igualmente da Conta xeral da USC.
10. Outra información económica de interese
11. Anexos relativos ao resumo de gastos executados polos centros, departamentos e outras estruturas de docencia e investigación, ás compoñentes estruturais dos gastos correntes da USC e á evolución do número de alumnos e créditos matriculados.

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2024

Para comezar a análise na seguinte táboa recóllense os datos da liquidación do orzamento de ingresos e gastos a nivel de capítulo. Para estes efectos os datos que se ofrecen son os dereitos recoñecidos (ingresos) e as obrigas contraídas no exercicio (gastos), con independencia das datas efectivas dos cobros e pagamentos, respectivamente.

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑECIDOS
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.415.542
IV. Transferencias correntes	167.028.547
V. Ingresos patrimoniais	903.989
VI. Alleamento de investimentos reais	
VII. Transferencias de capital	132.378.768
VIII. Activos financeiros	0
IX. Pasivos financeiros	10.804.777
TOTAL DEREITOS RECOÑECIDOS	345.531.623,06


Cadro 1

CAPÍTULO	OBRIGAS CONTRAÍDAS
I. Gastos de persoal	181.951.463
II. Gastos en bens correntes e servizos	32.274.687
III. Gastos financeiros	622.911
IV. Transferencias correntes	4.708.910
V. Fondo de imprevistos e de continxencia	0
VI. Investimentos reais	97.927.457
VIII. Variación de activos financeiros	1.400
IX. Variación de pasivos financeiros	26.396.423
TOTAL OBRIGAS CONTRAÍDAS	343.883.250,07

Cadro 2

Con estes datos constátase un superávit orzamentario de 1,65 millóns de euros. Este superávit deriva principalmente dos proxectos de investigación financiados con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Cómpre indicar que o resultado non financeiro (excluíndo os activos e pasivos financeiros) ascende a un superávit de 17,24 millóns de euros.

Na seguinte gráfica amósase a liña que seguen os ingresos e gastos e o resultado orzamentario dende o ano 2015.



Cadro 3



Cadro 4

Os datos máis relevantes do exercicio en gasto e ingreso son os seguintes:

➤ Gasto:

- O importe de gasto en persoal PDI ascendeu a 120,55 millóns que supón 5,74 millóns máis que no ano 2023 (5%).

- O importe de gasto en persoal PAS ascendeu a 61,39 millóns que supón 3,3 millóns máis que no ano 2023 (5,69 %). Inclúe o aboamento do Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela e que ascendeu a 1,7 millóns de euros para un total de 1.036 traballadores.

- O importe de gasto en persoal de capítulo VI ascendeu a 42,83 millóns que supón 4,2 millóns máis que no ano 2023 (10,87 %), este significativo incremento está relacionado co incremento do número de efectivos (75 máis que no ano 2023).

- A licitación de expedientes por un valor total de 47,44 millóns de euros, entre os que destacan pola súa contribución a mellora da eficiencia enerxética, os seguintes:

- Execución dunha rede de calor con caldeira de biomasa no Campus de Lugo
- Mellora dos sistemas de xestión, control e regulación das instalacións, monitorización e xestión dos consumos dos campus e edificios da USC

- Realizáronse as actuacións oportunas para a negociación da reestruturación da débeda da USC para acadar un aprazamento que garanta a existencia de financiamento para a licitación do edificio da nova facultade de Farmacia, que foi autorizado pola Xunta de Galicia no ano 2025. A carencia foi concedida ata o ano 2027 para un dos préstamos, e ata o ano 2029 para os outros dous préstamos e para os anticipos da comunidade autónoma, finalizando en todos os casos a amortización no ano 2032.

➤ Ingreso:

- O Plan Galego de Financiamento Universitario acadou un importe de 216 millóns que supón un incremento de 15,5 millóns (un 7,5%) fronte ao ano 2023.

- A capacidade de captación de fondos para I+D+i por parte do persoal investigador e das estruturas de investigación da USC que continúa na liña dos últimos exercicios, acadando no ano 2024 un importe de 109 millóns .

- A formalización por importe de 11,58 millóns correspondentes a gastos realizados durante o ano 2024 en partidas financiadas con fondos MRR cando os ingresos xa foron recibidos en anos anteriores. Esta formalización supón que os ingresos contabilizados como pasivos financeiros en anos anteriores (capítulo 9) pasan a ingreso non financeiro (capítulo 7), compensando o gasto non financeiro realizado e obedece a criterios contables da Comunidade Autónoma na execución de proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- A situación do Imposto sobre o valor engadido en relación coas liquidacións dos anos 2018 a 2020 -pendentes de sentenza - que supoñen un importe pendente de ingreso de 4,4 millóns. Así como a liquidación do exercicio 2024, asinada acta de conformidade en data 10 de xuño e pendente de notificación do acordo de liquidación, por importe de 5,2 millóns.

- En relación coa recadación, a pesar de que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/24 ascende a 50 millóns de euros -o 14,49% de todos os dereitos recoñecidos- non se produciron elevadas tensións de tesouraría durante o exercicio.

2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

No ano 2024, tal e como se observa no seguinte cadro, os ingresos manteñen a liña ascendente dos últimos exercicios (excluindo o ano 2020 no que foron inferiores por mor da pandemia Covid).

Capítulo	2020	2021	2022	2023	2024
III. Prezos públicos e outros ingresos	32.183.859,10	33.325.592,09	34.414.115,93	34.562.546,10	34.415.542,30
IV. Transferencias correntes	151.137.243,48	145.247.030,31	153.560.769,86	158.259.943,17	167.028.547,39
V. Ingresos patrimoniais	348.000,80	405.334,73	873.413,20	843.710,84	903.988,94
VII. Transferencias de capital	62.546.670,58	91.770.621,57	89.907.982,37	108.690.205,83	132.378.767,80
VIII. Variación activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros	309.903,46	2.061,60	11.830.617,36	21.002.329,91	10.804.776,63
TOTAIS	246.525.677,42	270.750.640,30	290.586.898,72	323.358.735,85	345.531.623,06

Cadro 5

No cadro seguinte indícanse os dereitos recoñecidos por capítulos, fronte ás previsións iniciais (orzamento inicial) e as previsións definitivas. Tamén se ofrece información dos dereitos efectivamente cobrados no exercicio 2024.

Capítulo	Previsións iniciais	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
III. Prezos públicos e outros ingresos	35.509.000,00	38.729.068,80	34.415.542,30	28.046.008,72	6.369.533,58
IV. Transferencias correntes	160.261.597,00	163.499.974,94	167.028.547,39	165.249.230,49	1.779.316,90
V. Ingresos Patrimoniais	727.000,00	856.011,47	903.988,94	840.707,11	63.281,83
VII. Transferencias de capital	112.346.136,00	174.337.794,02	132.378.767,80	91.476.384,86	40.902.382,94
VIII. Variación de Activos Financeiros		60.734.596,68	-	-	-
IX. Variación de Pasivos Financeiros	5.595.200,00	6.191.368,56	10.804.776,63	9.776.147,90	1.028.628,73
TOTAL INGRESOS	314.438.933,00	444.348.814,47	345.531.623,06	295.388.479,08	50.143.143,98

Cadro 6

Como pode observarse no cadro anterior, as previsións definitivas de ingresos superaron as previsións iniciais en 129,9 millóns de euros. Esta diferenza deriva de ingresos non previstos (66,77 millóns) e dos remanentes incorporados do exercicio anterior (60 millóns).

O principal incremento nos dereitos recoñecidos reflíctese no capítulo VII e no capítulo IX por mor dos fondos recibidos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e das formalizacións que ascenderon conxuntamente a 20,33 millóns.

De forma similar a exercicios anteriores as transferencias correntes e as transferencias de capital son a principal fonte de ingresos, supoñendo unha porcentaxe do 48,34% e 38,31% respectivamente.

No cadro seguinte figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2020-2024.

O importe das transferencias correntes representa no período analizado a maior fonte de recursos situándose no promedio do 54,06%. Os prezos públicos seguen unha tendencia á baixa, sitúanse no 9,96% bastante lonxe do promedio do 12,54% se ben trae como causa que o importe da bonificación da matrícula por parte da comunidade autónoma implica que estas contías antes contabilizadas no capítulo III agora corresponden ao capítulo IV.

Capítulo	2020	2021	2022	2023	2024
III. Prezos públicos e outros ingresos	13,05	12,31	11,84	10,69	9,96
IV. Transferencias correntes	61,31	53,65	52,85	48,94	48,34
V. Ingresos patrimoniais	0,14	0,15	0,30	0,26	0,26
VI. Alleamento investimentos reais	-	-	-	-	-
VII. Transferencias de capital	25,37	33,89	30,94	33,61	38,31
VIII. Variación activos financeiros	-	-	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	0,13	0,00	4,07	6,50	3,13
TOTAIS	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Cadro 7

En relación coa recadación, cómpre destacar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/24 ascende a 50 millóns de euros, que representa o 14,5% de todos os dereitos recoñecidos (14,26% no ano anterior). Pese ao elevado deste importe durante o exercicio non existiron tensións de tesouraría significativas.

Para complementar a información anterior, preséntanse os datos de ingresos recadados que corresponden a dereitos recoñecidos en exercicios anteriores (exercicios pechados) que ascenderon a un total de 43,14 millóns de euros.

Capítulo	Dereitos a cobrar netos	Dereitos recadados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/24
III. Prezos públicos e outros ingresos	7.822.396,62	5.166.902,41	2.655.494,21
IV. Transferencias correntes	569.605,22	456.062,45	113.542,77
V. Ingresos Patrimoniais	365.821,76	121.302,12	244.519,64
VII. Transferencias de capital	39.921.058,31	33.535.215,50	6.385.572,68
IX. Variación de Pasivos Financeiros	4.932.323,33	3.865.989,04	1.066.334,29
TOTAIS	53.611.205,24	43.145.471,52	10.465.463,59

Cadro 8

Informe de xestión 2024

No cadro seguinte preséntase de maneira conxunta toda a recadación (exercicio corrente e pechados) que supuxo un importe de case o 100% dos dereitos recoñecidos no exercicio e ofrécese información comparativa da evolución dos datos mencionados:

	2020	2021	2022	2023	2024
Dereitos recoñecidos	246.525.677,42	270.750.640,30	290.586.898,72	323.358.735,85	345.531.623,06
Ingresado	206.861.658,48	224.870.944,82	244.703.823,38	277.255.194,09	295.388.479,08
% Ingresado	83,91%	83,05%	84,21%	85,74%	85,49%
Pendente de ingreso	39.664.018,94	45.879.695,48	45.883.075,34	46.103.541,76	50.143.143,98
% pendente de ingreso no ex.	16,09%	16,95%	15,79%	14,26%	14,51%
Ingresado exercicios pechados	33.891.253,92	38.756.100,96	41.805.896,49	44.801.208,48	43.145.471,52
Pendente ingreso ex. pechados	10.563.484,14	9.445.495,45	12.461.510,14	11.688.903,53	10.465.463,59
Total ingresado no exercicio	240.752.912,40	263.627.045,78	286.509.719,87	322.056.402,57	338.533.950,60
% sobre dereitos recoñecidos	97,66%	97,37%	98,60%	99,60%	97,97%

Cadro 9

CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.

Neste capítulo as diferenzas entre as previsións iniciais (35,5 millóns) as definitivas (38,73 millóns) e os dereitos recoñecidos (34,41 millóns), derivan principalmente da contabilización dos cargos internos como ingreso (esixencia da ferramenta contable SIC-3), o que supón 2,4 millóns. Estes importes non se consideran nas previsións iniciais.

No cadro seguinte figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos dende o ano 2020 (consta de forma separada os ingresos por facturación interna, por ser un concepto que non representa recursos do exterior).

Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023	Dereitos recoñecidos 2024
31. Prezos públicos por servicios académicos	17.733.597,76	18.084.983,40	18.752.369,10	18.193.904,98	16.162.661,04
32. Prestación de servicios	11.989.268,74	12.945.955,00	13.401.960,04	13.733.217,71	14.225.479,37
33. Venda de bens	127.354,49	208.493,34	318.340,33	161.364,93	209.945,71
38. Reintegros	836.481,68	436.000,67	449.322,41	579.420,45	839.633,30
39. Outros ingresos diversos	376.913,04	362.660,05	497.101,28	330.300,40	490.998,21
SUBTOTALS (SEN FACTURACIÓN INTERNA)	31.063.615,71	32.038.092,46	33.419.093,16	32.998.208,47	31.928.717,63
34. Facturación interna	1.120.243,39	1.287.499,63	995.022,77	1.564.337,63	2.486.824,67
TOTAIS CAPÍTULO III	32.183.859,10	33.325.592,09	34.414.115,93	34.562.546,10	34.415.542,30

Cadro 10

Dentro de cada artigo do capítulo 3, indicamos algúns datos salientables:

ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 16,16 millóns de euros, 4,16 millóns menos que as previsións definitivas (20 millóns de euros), e 2,03 millóns menos que en 2023 (ascenderan a 18,19 millóns).

Como xa se indicou este menor importe deriva da bonificación de matrícula pola comunidade autónoma por importe de 2,5 millóns que se contabiliza no capítulo IV de ingresos.

O número de alumnos matriculados nos últimos cursos, como pode verse no anexo 10, tende a estabilizarse sobre 25.000 estudantes, considerando grao, máster e doutoramento. Tamén pode observarse unha contía estable no número de créditos matriculados.

ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS

O contido deste artigo pode agruparse nas seguintes tipoloxías:

- contratos e convenios para o financiamento de actividades de investigación: incrementouse un 6,56%, situándose en 8,94 millóns de euros (8,39 millóns en 2023). Os ingresos por atencións clínicas en Odontoloxía, Óptica e outros servizos, acadaron un total de 911 mil euros (830 mil en 2023).
- dereitos de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias acadaron o importe de 2,4 millóns de euros (3,29 millóns en 2023), nas que os prezos se mantiveron constantes. A redución deriva de que no ano 2023 se fixo unha regularización de ingresos do ano 2022.
- os dereitos de inscrición en congresos ascenderon a 1 millón de euros, (223 mil no ano 2023) debido a celebración do Congreso Europeo en Intelixencia Artificial.
- en extensión universitaria (deportes e actividades culturais) prodúcese un leve incremento, os ingresos ascenderon a 557 mil euros (528 mil en 2023).

ARTIGO 33. VENDA DE BENS

Neste artigo destaca a venda de enerxía eléctrica, os ingresos acadaron 142,17 mil euros (81,66 mil en 2023). Esta maior contía deriva das incidencias na facturación do ano 2023 que retrasaron a facturación nese exercicio.

ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátanse en contabilidade como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (partida orzamentaria que soporta o gasto). Como consecuencia disto, o orzamento de

ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representaron en total 2,39 millóns de euros (1,56 millóns euros en 2023). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).

Contabilízase e abóase extraorzamentariamente e posteriormente efectúanse os cargos internos contra as partidas do orzamento que deben soportalos, de tal xeito que se cancela a operación non orzamentaria.

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes (167,86 millóns) foron superiores as previsións iniciais (160,26 millóns) e ao ano 2023 (158,26 millóns), destacando o incremento derivado da compensación recibida da bonificación de matrícula a través do PGFU, a sinatura do Convenio María Goyri para a Incorporación talento docente e investigador e pola aprobación na normativa básica do incremento retributivo para o persoal do sector público.

No cadro seguinte detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos catro exercicios previos.

Art	Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023	Dereitos recoñecidos 2024
40	Administración do Estado	7.986,00	0,00	7.443,18	819.685,82	1.653.677,13
41	Organismos Autónomos administrativos	1.894.407,08	1.016.430,40	2.724.921,80	2.773.451,80	2.909.939,81
43	Organismos públicos autonómicos			77.126,96	231.462,35	523.885,06
44	Outros entes públicos	37.858,00	589.260,35	47.111,50	32.221,51	35.259,48
45	Comunidades Autónomas	146.724.824,74	140.785.501,77	148.164.359,20	151.397.838,97	160.518.313,49
46	Corporacións locais	582.000,00	709.746,24	465.888,20	423.605,88	246.585,00
47	Empresas Privadas	1.646.387,42	1.926.400,00	1.755.295,28	2.179.925,00	1.616.500,00
48	Familias e inst.sen fins lucro	210.614,23	192.215,45	288.623,47	313.127,91	330.708,14
49	Exterior	33.166,01	27.476,10	30.000,27	88.623,93	33.301,43
TOTAL CAPÍTULO IV		151.137.243,48	145.247.030,31	153.560.769,86	158.259.943,17	167.868.169,54

Cadro 11

No cadro seguinte agrúpanse os datos anteriores en función da procedencia dos fondos, visualizándose o peso da financiación procedente da Comunidade Autónoma:

Agrupación artigos	Importe	%
Comunidade Autónoma	161.042.198,55	95,93%
Outros	6.825.970,99	4,07%
TOTAL	167.868.169,54	100,00%

Cadro 12

O exercicio 2024 foi o terceiro de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 (PGFU), asinado en decembro de 2021. Este plan estrutura o financiamento autonómico que reciben as universidades en seis subfondos de financiamento non condicionado e un subfondo de financiamento da investigación.

No seguinte cadro detállanse as partidas de transferencias correntes que corresponden ao PGFU.

Informe de xestión 2024

Indicase de forma separada as transferencias do SERGAS para cubrir o custo das prazas vinculadas así como o importe correspondente a bonificación da matrícula:

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos	Dereitos cobrados en 2024	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2024
Partida PGFU (transferencias correntes)				
45501	PGFU. Financiamento non condicionado. Custe estándar	114.005.811,40	114.005.811,40	-
45502	PGFU. Consello Social	200.000,00	200.000,00	-
45503	PGFU. Panel de indicadores. Ingresos correntes	13.411.179,00	13.411.179,00	-
45503	PGFU. Sexenios, complementos retributivos autonómicos e compensación matrículas	8.506.628,00	8.506.628,00	-
45520	PGFU. Gasto corrente e mantemento infraestruturas	10.042.626,00	10.042.626,00	-
45521	PGFU. Complementos retributivos estatais sexenios	6.229.926,00	6.229.926,00	-
Outras transferencias (correntes) autonómicas				
45540	SERGAS. Custe estándar.Prazas vinculadas	3.901.688,01	3.901.688,01	-
45505	Bonificación matrícula grao universitario	2.496.134,31	2.209.980,01	286.154,30

Cadro 13

O incremento en relación ao ano 2024 ascende a 8 millóns de euros que supón un incremento porcentual dun 5,36%.

No seguinte cadro recollese a comparativa co ano anterior para cada un dos subfondos:

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos 2023	Incremento 2024 vs 2023	% incremento
Partida PGFU (transferencias correntes)				
45501	PGFU. Financiamento non condicionado. Custe estándar	109.872.331,60	4.133.479,80	3,76%
45502	PGFU. Consello Social	200.000,00	-	0,00%
45503	PGFU. Panel de indicadores. Ingresos correntes	13.253.833,41	157.345,59	1,19%
45503	PGFU. Sexenios, complementos retributivos autonómicos e compensación matrículas	8.354.721,24	151.906,76	1,82%
45520	PGFU. Gasto corrente e mantemento infraestruturas	9.564.102,99	478.523,01	5,00%
45521	PGFU. Complementos retributivos estatais sexenios	6.008.557,00	221.369,00	3,68%
Outras transferencias (correntes) autonómicas				
45540	SERGAS. Custe estándar.Prazas vinculadas	3.463.440,34	438.247,67	12,65%
45505	Bonificación matrícula grao universitario		2.496.134,31	100,00%
	Total	150.716.986,58	8.077.006,14	5,36%

Cadro 14

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Este capítulo recolle as partidas de ingresos derivados da rendibilidade do patrimonio da Universidade, que proveñen principalmente dos ingresos por cesión de espazos.

Artigo orzamentario		Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023	Dereitos recoñecidos 2024
52	Xuros de contas bancarias	91,69	-		287.197,79	207.443,71
53	Dividendos e participacións en beneficios empresas					4.000,00
54	Produtos de inmobles	250.022,14	215.293,94	371.104,67	405.640,89	492.970,57
55	Concesións administrativas	40.549,98	155.691,87	153.472,23	150.212,16	149.785,56
59	Outros ingresos patrimoniais	57.336,99	34.348,92	348.836,30	660,00	49.789,10
TOTAL CAPÍTULO V		348.000,80	405.334,73	873.413,20	843.710,84	903.988,94

Cadro 15

Cómpre resaltar ao igual que no exercicio anterior a existencia de importes derivados de xuros de depósitos bancarios realizados por mor da existencia puntual de dispoñibilidade de tesouraría.

Así mesmo, incrementase o importe derivado de artigo 54 Produtos de inmobles (corresponde coa cesión de espazos), principalmente pola aplicación dun maior rigor na facturación de espazos de servizos centrais que en exercicios anteriores se cedían de forma gratuíta e polo incremento de uso na Facultade de Dereito e na Facultade de Medicina e Odontoloxía.

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Os dereitos liquidados por transferencias de capital presentan un incremento en relación aos do exercicio precedente, sendo a variación do 19,14%. En xeral, as transferencias recibidas neste capítulo corresponden na súa práctica totalidade a subvencións finalistas e outro tipo de axudas para actividades de I+D+i.

No cadro seguinte recóllense os dereitos recoñecidos neste capítulo a nivel de artigo orzamentario e efectúase a comparación cos catro exercicios anteriores:

Artigo orzamentario		Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023	Dereitos recoñecidos 2024
70	Administración do Estado	3.166.503,43	7.714.757,57	5.208.400,43	7.766.984,01	5.609.810,57
71	Organismos autónomos administrativos	418.434,79	791.646,10	505.522,33	7.315.946,36	38.402.880,48
73	Axencias estatais e outros organismos públicos	7.089.248,54	16.334.223,87	15.873.690,88	14.494.710,64	2.246.473,41
74	Empresas Públicas e outros entes	102.218,50	95.594,74	464.969,87	937.692,69	1.133.169,87
75	Comunidades Autónomas	40.870.686,88	53.069.527,39	55.935.938,65	58.592.601,58	63.021.975,14
76	Corporacións locais	51.124,74	309.539,28	211.217,82	931.861,80	601.500,00
77	Empresas privadas	257.815,00	-			5.000,00
78	Familias e institucións sen fins de lucro	3.091.325,93	1.704.988,87	3.009.439,90	1.881.700,87	2.443.111,18
79	Outras transferencias do exterior	7.499.312,77	11.750.343,75	8.698.802,49	16.768.707,88	16.749.058,06
TOTAL CAPÍTULO VII		62.546.670,58	91.770.621,57	89.907.982,37	108.690.205,83	130.212.978,71

Cadro 16

Na comparativa a nivel de artigo deben considerarse conxuntamente os artigos 70,71 e 73 dado que as variacións derivan de cambios no ámbito estatal do organismo financiador en cada exercicio das convocatorias de proxectos de investigación.

Hai que considerar que os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) están contabilizados no capítulo IX- variación de pasivos financeiros. Como xa se indicou a parte correspondente a gasto executado no ano 2024 cando os ingresos foron recibidos en anos anteriores e contabilizados no capítulo IX de ingresos están contabilizados en formalización no capítulo VII (sendo o importe de 12,56 millóns).

Por este motivo, para unha visión comparativa os fondos que se reciben a través do capítulo VII- transferencia de capital deben considerarse de forma conxunta co financiamento recollido no capítulo IX- variación de pasivos financeiros.

Informe de xestión 2024

	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023	Dereitos recoñecidos 2024
TOTAL CAPÍTULO VII	62.546.670,58	91.770.621,57	89.907.982,37	108.690.205,83	132.378.767,80
TOTAL CAPÍTULO IX	309.903,46	2.061,60	11.830.617,36	21.002.329,91	10.804.776,63
TOTAL CAPÍTULO VII+IX	62.856.574,04	91.772.683,17	101.738.599,73	129.692.535,74	143.183.544,43

Cadro 17

Cómpre destacar que a capacidade de captación de fondos para I+D+i, tanto públicos como privados, mantén unha tendencia alcista dende o ano 2021, fundamentalmente por proxectos vinculados aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Neste capítulo VII, debemos destacar os fondos procedentes do PGFU, que se recollen neste cadro agrupados polos subfondos do plan:

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos	Dereitos cobrados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2024
75501	PGFU. Panel de indicadores (cap VII)	13.991.202,60	13.991.202,60	-
75502	PGFU. Mantemento de infraestruturas	3.969.758,02	3.969.758,02	-
75560	PGFU. Transferencias para I+D+i	32.026.755,82	6.996.133,73	25.030.622,09
75560	PGFU. Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica	5.143.666,67	5.143.666,67	-

Cadro 18

Inclúense tamén, dado que forman parte do PGFU, os fondos captados en convocatorias competitivas para actividades e proxectos de I+D. Nesta partida salientamos o volume de dereitos pendentes de cobro a final de exercicio derivado de que as datas de xustificación están establecidas principalmente a finais de ano.

No seguinte cadro amosase o incremento en relación ao ano 2024 que ascende a 7,46 millóns o que supón un incremento porcentual dun 14,98%. Destacando o incremento en fondos captados en convocatorias competitivas para actividades e proxectos de I+D.

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos 2023	Incremento 2024 vs 2023	% incremento
75501	PGFU. Panel de indicadores (cap VII)	13.827.052,02	164.150,58	1,19%
75502	PGFU. Mantemento de infraestruturas	3.780.601,90	189.156,12	5,00%
75560	PGFU. Transferencias para I+D+i	27.240.804,20	6.951.740,71	25,52%
75560	PGFU. Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mel	4.983.010,67	160.656,00	3,22%
	Total	49.831.468,79	7.465.703,41	14,98%

Cadro 19

CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS

Este capítulo comprende os créditos non obrigados a 31/12/2023 incorporados ao orzamento de 2024, proveñen de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos efectivos no exercicio 2024.

No seguinte cadro infórmase dos capítulos de gasto no que se incorpora o remanente.

Capítulo de gastos	Créditos incorporados ao exercicio 2020	Créditos incorporados ao exercicio 2021	Créditos incorporados ao exercicio 2022	Créditos incorporados ao exercicio 2023	Créditos incorporados ao exercicio 2024
II. Gastos en ben correntes e servizos	2.127.376,39	3.619.503,89	3.040.683,06	3.553.138,00	3.504.208,58
IV. Transferencias correntes	1.426.318,39	2.435.370,79	1.429.120,94	423.458,36	1.628.193,64
VI. Investimentos reais	32.405.480,53	36.561.255,39	41.810.158,73	53.511.233,21	70.768.165,79
TOTAIS	35.959.175,31	42.616.130,07	46.279.962,73	57.487.829,57	75.900.568,01

Cadro 20

Na Memoria económica dáse unha explicación máis detallada destas operacións.

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo recóllense os anticipos concedidos a conta de fondos FEDER ou FSE pola Axencia Estatal de Investigación, para o financiamento de proxectos de I+D+i, programas de incorporación de recursos humanos e infraestruturas de investigación, logo da resolución das respectivas convocatorias competitivas.

No ano 2024 recibíronse anticipos Feder por importe de 3,51 millóns, as cantidades recibidas por estes conceptos incrementan a débeda da USC.

Porén, como xa se sinalou, no ano 2024 contabilízanse no capítulo IX os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) por importe de 7,29 millóns, que se perciben na súa totalidade no exercicio 2024 pero a súa execución se realiza en varios exercicios.

Variación de pasivos financeiros	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024
Previsións iniciais	5.530.000,00	2.730.000,00	-	1.984.776,81	6.191.368,56
Dereitos recoñecidos	309.903,46	2.061,60	11.830.617,36	21.002.329,91	10.804.776,63

Cadro 21

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

No presente apartado analizaremos a execución do orzamento de gastos desde un punto de vista global, incluíndo información da evolución nos últimos exercicios.

Posteriormente examinaranse os gastos a un nivel de maior detalle, analizando a composición de cada un dos capítulos da clasificación económica.

Informe de xestión 2024

Execución global do orzamento de gastos no exercicio 2024, por capítulo:

Capítulo	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas	Pagamentos	Pendente pagamento a 31/12/2024
I.Gastos de Persoal	177.243.000,00	182.035.457,87	181.951.463,01	179.886.066,85	2.066.722,13
II.Gastos en bens correntes e servizos	32.279.395,00	37.950.051,68	32.274.686,50	29.624.957,55	2.652.513,17
III.Gastos Financeiros	825.000,00	759.024,20	622.911,01	616.628,55	6.457,88
IV. Transferencias correntes	4.521.505,00	6.126.743,86	4.708.910,23	4.691.828,23	41.390,00
GASTOS CORRENTES	214.868.900,00	226.871.277,61	219.557.970,75	214.819.481,18	4.767.083,18
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000,00		0,00	0,00	0,00
VI. Investimentos Reais	87.353.365,00	190.986.300,29	97.927.456,70	95.625.623,11	2.378.915,32
VII. Transferencias de Capital	0,00		0,00	0,00	0,00
GASTOS DE CAPITAL	88.103.365,00	190.986.300,29	97.927.456,70	95.625.623,11	2.378.915,32
GASTOS NON FINANCEIROS	302.972.265,00	417.857.577,90	317.485.427,45	310.445.104,29	7.145.998,50
VIII. Variación de Activos Financeiros	0,00	1.400,00	1.400,00	2.000,00	-
IX. Variación de Pasivos Financeiros	11.466.668,00	26.489.836,57	26.396.422,62	26.272.165,73	166.249,74
GASTOS FINANCEIROS	11.466.668,00	26.491.236,57	26.397.822,62	26.274.165,73	166.249,74
TOTAIS	314.438.933,00	444.348.814,47	343.883.250,07	336.719.270,02	7.312.248,24

Cadro 22

Informe de xestión 2024

Obrigas contraídas por capítulo comparando cos últimos catro exercicios:

Capítulo	2020	2021	2022	2023	2024
I.Gastos de Persoal	152.796.846,87	156.721.907,82	162.952.242,39	172.904.119,60	181.951.463,01
II.Gastos en bens correntes e servizos	28.096.790,82	27.351.443,86	28.692.155,14	30.539.935,72	32.274.686,50
III.Gastos Financeiros	495.635,40	352.935,37	577.603,27	763.277,91	622.911,01
IV. Transferencias correntes	2.699.579,52	4.050.432,97	4.324.563,39	4.926.323,42	4.708.910,23
V. Fondo de imprevistos	-	-			
GASTOS CORRENTES	184.088.852,61	188.476.720,02	196.546.564,19	209.133.656,65	219.557.970,75
VI. Investimentos reais	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,99	84.701.906,80	97.927.456,70
VII. Transferencias de capital	-	-			
GASTOS DE CAPITAL	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,99	84.701.906,80	97.927.456,70
GASTOS NON FINANCEIROS	244.367.285,02	267.887.306,24	275.179.797,18	293.835.563,45	317.485.427,45
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	861.064,00	194.122,00	1.400,00
IX. Variación de pasivos financeiros	4.003.939,43	3.164.253,86	3.052.671,08	8.218.933,16	26.396.422,62
GASTOS FINANCEIROS	4.003.939,43	3.164.253,86	3.913.735,08	8.413.055,16	26.397.822,62
TOTAIS	248.371.224,45	271.051.560,10	279.093.532,26	302.248.618,61	343.883.250,07

Cadro 23

GASTOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

A actual clasificación funcional do orzamento de gastos pretende recoller os gastos polos grupos de función das distintas actividades da USC.

A diferenciación a través da clasificación funcional e da económica dos gastos permite, que os gastos teñan un tratamento fiscal diferenciado na dedución de IVE, en función do “sector económico” no que se encadren. Así, como criterio xeral teñen dedución do 100% todas as partidas de investigación; non teñen dedución ningunha as dos grupos de docencia, e por último deducen IVE na porcentaxe da prorrata anual que corresponda todas as demais.

No seguinte cadro agrúpanse os gastos segundo a clasificación funcional como segue:

- Na epígrafe, “Servizos comúns á docencia e á investigación” (inclúe grupos de función 3 e 8), está incluído integramente o capítulo I de gastos de persoal e, por esa razón, concentra o 71,2% do gasto (72,07% o ano anterior).
- Na epígrafe “Docencia” (inclúe grupos 1 e E, F e M), están incluídos os créditos dos estudos oficiais e propios.
- Na epígrafe “Investigación”,(inclúe grupos 2, 7 e todos os demais cun díxito [A-Z] excluídos E,F,M e U), inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación.
- Na epígrafe “Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria”, (inclúe grupos 4 e 9) inclúense os créditos e gastos de actividades de extensión universitaria en xeral.
- Na epígrafe “Gastos e pasivos financeiros” (inclúe o grupo 5) contén os créditos para gastos financeiros e fondo de continxencia.

Grupo de función	Crédito inicial		Crédito definitivo		Obrigas	
	Afectado	Non afectado	Afectado	Non afectado	Afectado	Non afectado
Docencia	40.375,00	1.325.375,00	17.407.245,21	24.860.684,57	6.691.545,85	24.235.051,41
Servizos comúns á docencia e á investigación	14.652.522,00	219.170.271,00	27.560.611,14	202.476.220,76	9.512.611,27	198.450.518,55
Investigación	71.491.316,00	2.127.000,00	131.111.439,45	8.242.028,29	78.470.191,60	4.422.004,11
Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria	196.575,00	1.460.025,00	19.208.254,36	673.936,16	8.959.630,20	454.020,57
Gastos e pasivos financeiros	-	3.975.474,00	-	12.808.394,53	-	12.681.686,10
TOTAIS	86.380.788,00	228.058.145,00	195.287.550,17	249.061.264,30	103.633.978,92	240.243.280,74
		314.438.933,00		444.348.814,47		343.877.259,66

Cadro 24

Nos seguintes apartados achéganse datos dos gastos de cada capítulo por artigo orzamentario.

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

A porcentaxe de execución do capítulo I, “Gastos de persoal” foi superior ao orzamento inicial por mor de incremento adicional das retribucións do sector público do 0,5%, polas cotas da seguridade social (introdución do MEI e alza dos tope máximos).

Cómpre sinalar, que ao igual que nos últimos exercicios, a USC non superou o límite de masa salarial establecido na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, fixado en 182,25 millóns.

A execución por artigos indícase na táboa seguinte:

Artigo orzamentario		Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas
10	Altos cargos e persoal directivo	1.000.000,00	1.000.000,00	651.331,08
11	Persoal eventual	150.600,00	150.600,00	147.750,23
12	Persoal funcionario	102.588.900,00	102.721.407,08	105.799.052,43
13	Persoal laboral	48.932.200,00	49.628.717,72	50.173.077,23
14	Persoal emérito	67.600,00	67.600,00	68.265,60
15	Incentivos ao rendemento	15.700,00	151.459,48	146.188,60
16	Cotas e gastos sociais	24.488.000,00	27.620.759,76	24.965.797,84
17	Incremento retributivo adicional	-	694.913,83	
TOTAIS		177.243.000,00	182.035.457,87	181.951.463,01

Cadro 25

No cadro seguinte vese a estrutura dos gastos segundo o tipo de persoal PDI (docente e investigador) e PAS (administración e servizos).

Tipo de persoal e vinculación	Retribucións brutas	% sobre total retribucións	Seguridade e accións social	Total gastos de persoal	% sobre gastos de persoal
PDI funcionario	80.812.398,36				
Profesorado emérito	68.265,60				
PDI laboral	26.749.187,01				
SUBTOTAL PDI	107.629.850,97	68,56%	12.927.411,23	120.557.262,20	66,26%
PAS funcionario	24.990.046,90				
PAS laboral	23.570.078,82				
PAS eventual	144.357,40				
Persoal directivo	651.331,08				
SUBTOTAL PAS	49.355.814,20	31,44%	12.038.386,61	61.394.200,81	33,74%
TOTAIS	156.985.665,17		24.965.797,84	181.951.463,01	100,00%

Cadro 26

Aquí vemos a importancia relativa dos custos de persoal PDI e PAS. Como se pode ver mantéñense practicamente estables.

ANO	<i>Persoal docente e investigador</i>		<i>Persoal de administración e servizos</i>	
	<i>% Retribucións sobre total</i>	<i>% sobre gastos de persoal</i>	<i>% Retribucións sobre total</i>	<i>% sobre gasto de persoal</i>
2015	72,18	67,96	27,82	32,04
2016	72,55	68,99	27,45	31,11
2017	71,72	68,30	28,28	31,70
2018	71,12	67,68	28,88	32,32
2019	71,45	68,27	28,55	31,73
2020	70,42	67,09	29,58	32,91
2021	70,96	67,18	29,04	32,82
2022	69,63	66,50	30,37	33,50
2023	69,11	66,40	30,89	33,60
2024	68,56	66,26	31,44	33,74

Cadro 27

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

